

## **Resolución do 12 de decembro de 2022 pola que se convoca proceso selectivo para a provisión de 1 praza da escala técnica (subescala de mantementos) vacante no cadro de persoal funcionario desta Universidade**

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 102, do 30 de maio de 2022, publicouse a oferta de emprego público de estabilización do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña realizada ao abeiro do artigo 2 e disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, 29-12-2021). Como consecuencia,

### **RESOLVE:**

**Primeiro.** Convocar proceso selectivo ara cubrir, pola quenda libre, polo sistema de concurso, as seguintes prazas:

1 praza da escala técnica (subescala de mantementos) da Universidade da Coruña, grupo C, subgrupo C2.

O proceso selectivo realizarase con suxeición ás seguintes

### **Bases da convocatoria**

#### 1. Solicitudes

1.1. As persoas que desexaren tomar parte neste proceso selectivo deberán solicitalo no impreso segundo modelo que figura como anexo II desta convocatoria e deberán presentarse acompañadas de:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os/as aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de viviren a expensas ou estaren a cargo do/da nacional doutro Estado con que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar unha declaración xurada ou promesa de non estar separado/a de dereito do/da seu/súa cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o/a aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) Os/as aspirantes estranxeiros/as que estean exentos/as da realización da proba, logo de acreditación do coñecemento do castelán establecida na base 8 desta convocatoria, xuntarán, para tal efecto, a fotocopia compulsada dos diplomas básico ou superior de español como lingua estranxeira ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros/as expedido polas escolas oficiais de idiomas. De non achegar esta certificación, non poderán ser declarados/as exentos/as, polo que deberán realizar a proba a que se refiren estas bases.
- c) Certificación acreditativa dos servizos prestados noutras administracións públicas españolas referido á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Esta certificación será expedida por quen teña atribuídas as competencias en materia de persoal na administración correspondente. Se os servizos foron ou son prestados na UDC deberá indicarse na epígrafe correspondente da solicitude e, deste xeito, a certificación expedirase de oficio e engadirase á solicitude do/da aspirante.
- d) Fotocopia da titulación académica requirida.
- e) Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. De non achegar a certificación non poderán ser declarados/as exentos/as, polo que deberán realizar a proba a que se refiren estas bases.



f) As persoas aspirantes deberán xustificar o pagamento co documento bancario acreditativo de que se aboou a taxa de inscrición que ascende a 31,18 euros para o subgrupo C2, que se ingresarán no Banco Santander na conta IBAN ES76 0049-5030-15-2516011262.

Segundo o artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento da taxa aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 %. Tamén estarán exentas do pagamento, as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando unha copia da cualificación da discapacidade ou do carné de familia numerosa segundo corresponda.

Así mesmo, gozarán dunha bonificación do 50 % da taxa os membros de familias numerosas de categoría xeral.

Tamén gozarán da bonificación do 50 % as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data de publicación desta convocatoria. Para o goce da bonificación será requisito que non rexeitasen, no prazo de que se trate, oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. O certificado relativo á condición de demandante de emprego, cos requisitos sinalados, solicitarase na oficina dos servizos públicos de emprego. A acreditación das rendas realizarase mediante unha declaración xurada ou promesa escrita da persoa solicitante. Ambos os documentos deberán xuntarse á solicitude.

En ningún caso a presentación e o pagamento na entidade bancaria suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

Serán excluídas todas aquelas persoas aspirantes que non presenten o documento referido na epígrafe 1.1.a), ou non aboan a taxa de inscrición e non presenten o xustificante de bonificación ou exención dentro do prazo habilitado para a presentación de solicitudes. Non se concederá ningún prazo adicional para o aboamento da taxa de inscrición.

Unicamente procederá a devolución da taxa de inscrición ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas.

1.2. As solicitudes dirixiranse ao xerente da Universidade da Coruña no prazo de 20 días hábiles que contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, rúa da Mestranza, 9, 15001 A Coruña), nos rexistros auxiliares (campus da Zapateira, A Coruña e Edificio de Usos Administrativos no campus de Esteiro, Ferrol), ou nas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

1.3. As persoas aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberanos acreditar mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou das copias compulsadas xunto coa solicitude. Os servizos prestados na Universidade da Coruña acreditaranse mediante unha certificación expedida pola Xerencia da Universidade, referida á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

1.4. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súas solicitudes e poden

unicamente demandar a súa modificación mediante un escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 1.2 para a presentación de solicitudes. Unha vez transcorrido este prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e apreciada polo tribunal.

1.5. As persoas aspirantes que padezan algunha discapacidade poderán indicalo no recadro correspondente da solicitude e solicitar, se for o caso, as posibles adaptacións de tempos e de medios para a realización das probas en que esta adaptación sexa necesaria.

## 2. Listaxes de agarda

Este proceso selectivo de estabilización polo sistema de concurso xerará unha listaxe de agarda adicional á listaxe de agarda derivada dos procesos selectivos ordinarios para a provisión de prazas da escala técnica (subescala de mantementos), por quenda libre.

A listaxe de agarda constituirase, ao abeiro do disposto na resolución da Xerencia pola que se regula o procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, coas persoas aspirantes que non acadasen a puntuación final suficiente para a súa inclusión na relación definitiva de aprobados.

## 3. Requisitos das persoas candidatas

3.1. Para seren admitidas á realización deste proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos cales, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar o/a cónxuxe, descendentes e descendentes do/da cónxuxe, dos/das españois/españolas e dos/das nacionais doutros estados membros da Unión Europea, se non estivesen separados/as de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación nos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España.

b) Ter feitos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación exixida para o subgrupo C2 na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ou en condicións de a obter na data en que remate o prazo de presentación das solicitudes. No caso de que a persoa aspirante posúa unha titulación académica estranxeira para poder participar no proceso selectivo, deberá ter homologado previamente o título, de acordo co previsto na lexislación española.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas por sentenza firme. No caso de nacionais doutros estados non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Acreditar, de ser o caso, o coñecemento do castelán de acordo co establecido na base 1.1.b).

3.2. Todos os requisitos deberán posuírse no momento de rematar o prazo de presentación das solicitudes e



gozar deles durante o proceso selectivo.

### 3.3 Acreditación de lingua galega

3.3.1. As persoas aspirantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega co certificado de competencia en lingua galega Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais, acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG, núm. 34 do 19 de febreiro).

3.3.2. As persoas que non poidan acreditar o coñecemento do galego de acordo co establecido no parágrafo anterior poderán ser admitidas condicionalmente no concurso de méritos e deberán realizar unha proba eliminatoria. A proba terá lugar no día e hora que se determine por resolución da Xerencia, que se publicará na sede da UDC. Consistirá na realización dunha proba en que se comprobará que posúen o nivel de Celga 4 de comprensión e expresión oral e escrita da lingua galega, en especial da linguaxe administrativa, dado que é a súa área profesional. Cualificarase de apto ou non apto. O tempo máximo de realización desta proba será de 60 minutos.

### 4. Relacións de persoas admitidas e excluídas

4.1. Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de vinte días hábiles, o xerente da universidade ditará resolución e declarará aprobadas as relacións provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicarán na sede electrónica da Universidade da Coruña, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se for o caso, as causas de exclusión, coa indicación, ademais, de se está exento/a ou non da realización da proba de coñecementos de lingua galega. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que contará a partir da publicación da referida resolución, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Unha vez transcorrido o devandito prazo, o xerente ditará a resolución en que se declarará aprobada a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica da Universidade da Coruña.

4.2. O feito de figuraren na relación de persoas admitidas non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos exixidos, que terán que acreditarse no seu momento, de acordo co previsto na base 10 desta convocatoria.

### 4.3. Recurso contra a lista definitiva

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas o persoal interesado poderá formular un recurso de reposición, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

### 5. Sistema selectivo

O procedemento de selección das persoas aspirantes será o de concurso, coa valoración de méritos e puntuacións que se especifican no anexo I.

### 6. Comisión de selección

6.1. A composición da comisión de selección deste proceso selectivo será publicado na sede electrónica da Universidade da Coruña, cunha antelación de, polo menos, un mes a respecto da data de inicio do proceso selectivo.

6.2. As persoas integrantes da comisión deberán absterse de intervir e notificaranllo ao xerente da

universidade, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou participasen en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a presidente/a poderá solicitar dos membros da comisión, unha declaración expresa de non se encontraren incurso(s) nas circunstancias previstas no dito artigo.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorreren as circunstancias citadas.

6.3. Logo da convocatoria do/da presidente/a, constituirase a comisión coa asistencia do/da presidente/a e do/da secretario/a, ou, de ser o caso, daqueles/as que os/as substitúan, e, como mínimo, da metade dos seus membros. Nesta sesión o tribunal acordará todas as decisións que correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

6.4. Para os efectos de realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a asistencia dos membros da comisión especificados no punto anterior.

6.5. A comisión resolverá todas as dúbidas que puidesen xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación da comisión axustarase ao disposto na Lei 39/2015.

6.6. Os membros da comisión de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao exixido para participar no proceso selectivo.

6.7. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, a comisión terá a súa sede na Reitoría da Universidade da Coruña.

6.8. En ningún caso a comisión poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

6.9. A comisión terá a categoría que lle corresponda segundo o Decreto 144/2008, do 26 de xuño, polo que se modifica o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns de servizos ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

## 7. Calendario do proceso selectivo

7.1. A duración máxima do proceso selectivo será dun ano desde a data de publicación da desta convocatoria no DOG.

7.2. En calquera momento do proceso selectivo, se a comisión tiver coñecemento de que algunha das persoas aspirantes carece dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, deberá proporlle a súa exclusión ao xerente da Universidade da Coruña e comunicarlle tamén as inexactitudes e falsidades formuladas polo/a aspirante na solicitude para os efectos procedentes.

## 8. Aspirantes de nacionalidade estranxeira

As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e non teñan como idioma oficial o español deberán acreditar o coñecemento do castelán coa fotocopia compulsada do diploma superior de español



como lingua estranxeira (nivel B2), do certificado de aptitude ou nivel avanzado de español expedido polas escolas oficiais de idiomas, do título de licenciatura, ou de grao equivalente en Filoloxía Hispánica ou Románica ou doutros títulos homologados, ou certificación.

De non achegar a dita acreditación, con carácter previo á valoración dos méritos, deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, en que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e de expresión oral e escrita nesta lingua. O contido desta proba axustarase ao disposto no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE), para acreditar o nivel de competencia lingüística do idioma español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto/a ou non apto/a; é necesario obter a valoración de apto/a para continuar no proceso.

#### 9. Relación de persoas que superen o proceso selectivo

9.1. Concluída a valoración dos méritos alegados por cada unha das persoas participantes no proceso selectivo, a comisión publicará na sede electrónica da Universidade da Coruña, a puntuación que obtiveron as persoas aspirantes. As persoas aspirantes disporán de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das puntuacións provisionais do concurso, para presentar reclamacións.

Posteriormente, a comisión publicará, nese mesmo lugar, a relación definitiva de persoas que superaron o proceso selectivo, que en ningún caso poderá conter un número de persoas candidatas superior ao das prazas convocadas, en que constará o nome e a puntuación das persoas aspirantes que obtiveron a maior puntuación final calculada de acordo co sistema previsto no anexo I.

9.2. Os posibles empaten dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1º. Maior antigüidade na UDC.

2º. Maior antigüidade noutras administracións públicas.

3º. Maior idade.

4º. Letra que indica a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público do ano 2022, e que establece a letra “T”, publicada no DOG do 4 de febreiro de 2022. A referencia será o primeiro do apelidos das persoas empatadas.

9.3. A comisión remitiralle ao xerente a relación definitiva das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo pola orde desta puntuación final, con proposta de que se lles formalice o correspondente nomeamento. No caso de que algunha das persoas desa relación renunciase ou non cumprise con algún dos requisitos, requirirase da comisión unha nova relación en que figure a persoa que substitúe a quen non é posible nomear.

#### 10. Presentación de documentos e nomeamento.

10.1. No prazo de vinte (20) días hábiles a partir do día seguinte a aquel en que se publique a relación definitiva de persoas que superaron no proceso selectivo, estas deberán presentar no Servizo de Persoal de Administración e Servizos da Universidade da Coruña (rúa da Mestranza, 9) a documentación acreditativa dos requisitos exixidos na convocatoria e os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade, no caso de nacionalidade non española

b) Fotocopia compulsada do título exixido para acceder ao proceso selectivo.

c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración ou promesa de



non estaren sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que inhabilite no seu Estado o acceso á función pública.

d) Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado ou afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio do servizo.

e) Os/as aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán acreditar tal condición mediante unha certificación dos órganos competentes. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se lle presentaren dúbidas á comisión de selección con respecto á capacidade das persoas aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das actividades que habitualmente desenvolven os/as traballadores/as da categoría convocada, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da Comunidade Autónoma.

10.2. Unha vez que a persoa aspirante supere o proceso selectivo e realice debidamente os trámites de presentación de documentos, será nomeada funcionario/a da escala técnica (subescala de mantementos) da Universidade da Coruña (grupo C, subgrupo C2).

Quen, dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presente a documentación ou, se do exame dela, se deducise que carece dalgún dos requisitos xerais establecidos nas bases desta convocatoria non poderá ser nomeado persoal funcionario de carreira, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

**Segundo.** De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos indicados na solicitude pasarán a formar parte do ficheiro de persoal, que ten por finalidade a xestión do persoal da Universidade da Coruña. O ficheiro está baixo a responsabilidade da Secretaría Xeral. Coa súa participación neste proceso selectivo as persoas interesadas autorizan á Universidade da Coruña para que publique os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así derive da natureza deste procedemento de concorrencia competitiva. Así mesmo, poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, en cumprimento do que establece a LOPD, ante a Secretaría Xeral da Universidade da Coruña.

De acordo co disposto nos artigos 13 e 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e polo que se derroga a directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), as persoas participantes no proceso selectivo son informadas de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é a Secretaría Xeral da Universidade da Coruña, de que estes datos se tratarán para as finalidades deste proceso selectivo, se conservarán durante a tramitación do proceso selectivo e os prazos para interpor recurso en vía administrativa ou xudicial. As persoas participantes poden solicitar o acceso, rectificación ou supresión, poden presentar unha reclamación ante unha autoridade de control e, no caso de que se proxectase un tratamento para outra finalidade, avisarase a persoa participante e facilitaráselle a información adicional necesaria.

**Terceiro.** Este proceso selectivo axustarase ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), no artigo 57 de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e nas bases desta convocatoria. Lei 20/2021, do 28 de decembro, de



medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, 29-12-2021).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpor un recurso de reposición ante esta reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE do 2 de outubro).

Asinado dixitalmente na Coruña  
O reitor da Universidade da Coruña  
P.D. (Resolución do 14.1.2020)  
Ramón del Valle López  
Xerente da Universidade da Coruña





## ANEXO I PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Concurso: 100 puntos.

- Experiencia

Ata un máximo de 80 puntos.

Por servizos prestados na Universidade da Coruña como persoal funcionario de carreira ou interino da escala técnica (subescala de mantementos) ou como persoal laboral fixo ou temporal dos grupos III e IV-A en postos de funcións idénticas ou análogas á categoría convocada, ata a fin do prazo de presentación de solicitudes: 0,45 puntos por mes.

Por servizos prestados noutras administracións públicas como persoal funcionario de carreira ou interino en corpos ou escalas do grupo C da escala técnica (subescala de mantementos) ou como persoal laboral fixo ou temporal dos grupos III e IV en postos de funcións idénticas ou análogas á categoría convocada, ata a fin do prazo de presentación de solicitudes: 0,15 puntos por mes.

- Formación

A formación valorarase ata un máximo de 20 puntos.

Os cursos alegados terán como data límite para a súa finalización o día de remate do prazo de presentación de solicitudes.

a) Cursos de formación xeral e específica ata un máximo 16 puntos.

A valoración da formación farase atendendo aos seguintes criterios:

Nesta subepígrafe valoraranse os cursos convocados, impartidos e/ou recibidos, ou homologados por:

- institutos ou escolas de Administración pública,
- universidades,
- servizos públicos de emprego,
- organizacións sindicais,
- mutuas de traballo e servizos de prevención, e
- aqueles impartidos no marco do Acordo de Formación dos Empregados Públicos,

que versen sobre formación administrativa xeral, así como os cursos de formación e de perfeccionamento que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias dos postos de traballo e os cursos de formación de idiomas da Unión Europea.

Os cursos impartidos sempre se valorarán como se fosen de aproveitamento ou aptitude. A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

- Cursos recibidos de aptitude e cursos impartidos: 0,04 puntos/hora.
- Cursos de asistencia: 0,02 puntos/hora.

Cando no certificado non conste o número de horas, considerarase que a duración do curso é de 10 horas.

b) Cursos de lingua galega ata un máximo de 4 puntos:



- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 2 puntos.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,5 puntos.
- Celga 5: 4 puntos.

En todos os casos se valorarán unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se repetise a súa participación, e unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.



**ANEXO II  
SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROCESO SELECTIVO  
PARA PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

**DATOS PERSOAIS**

1. Primeiro apelido:		2. Segundo apelido:		3. Nome:	
4. Data de nacemento:		5. Localidade e provincia:		6. Nacionalidade:	
				7. DNI núm.:	
8. Domicilio, rúa, número e andar:			9. Localidade e provincia:		10. Código postal:
11. Teléfonos:			12. Correo electrónico:		

**CONVOCATORIA**

13. Denominación das prazas convocadas por concurso de méritos:		14. Data publicación convocatoria DOG:		15. Sistema de acceso <input type="checkbox"/> Quenda libre	
16. Discapacidade: SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>  .....%		17. TAXAS <input type="text"/> €  <input type="checkbox"/> Importe dereitos de exame <input type="checkbox"/> Exención taxas discapacidade <input type="checkbox"/> Exención taxas familia numerosa especial <input type="checkbox"/> Bonificación do 50 % familia numerosa xeral <input type="checkbox"/> Bonificación 50 % persoas desempregadas <input type="checkbox"/> outras: _____			
18. En caso de discapacidade, adaptación que se solicita e motivo desta:					

**TITULO ACÁDEMICO OFICIAL**

19. Esixido na convocatoria:
------------------------------

**SERVIZOS PRESTADOS**

20. Servizos prestados na UDC:	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
21. Servizos prestados noutras administracións públicas:	SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR SEGUNDO A CONVOCATORIA** Deberá compulsarse toda a documentación que se achegue.

<input type="checkbox"/> DNI	<input type="checkbox"/> Acreditación de discapacidade (no seu caso)
<input type="checkbox"/> Titulación académica requirida	<input type="checkbox"/> Acreditación de familia numerosa (no seu caso)
<input type="checkbox"/> Xustificante pagamento taxas	<input type="checkbox"/> Acreditación como demandante de emprego (no seu caso)



<input type="checkbox"/> Celga 4 ou equivalente administraci3ns p3blicas	<input type="checkbox"/> Certificado dos servizos prestados noutras administraci3ns p3blicas
<input type="checkbox"/> outra documentaci3n: _____	

**SOLICITUDE DE INCLUSI3N EN LISTAXES DE AGARDA PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO AO ABEIRO DO DISPOSTO NA RESOLUCI3N DA XERENCIA POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A ELABORACI3N DAS LISTAXES DE AGARDA**

Debe sinalar a s3a dispoñibilidade para ser chamado. Pode sinalar m3is dunha opci3n.

- S3 vacantes no campus da Coru3a.  
 S3 vacantes no campus de Ferrol.  
 Calquera nomeamento (vacantes en non vacantes) no campus da Coru3a  
 Calquera nomeamento (vacantes en non vacantes) no campus de Ferrol

A persoa que asina a continuaci3n solicita ser admitida para o proceso selectivo a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que re3ne as condici3ns esixidas para o ingreso na Funci3n P3blica e as especialmente sinaladas na convocatoria, e comprom3tese a probar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude.

Ingreso na conta IBAN ES76 0049-5030-15-2516011262. BANCO SANTANDER

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_  
(Sinatura)

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA